

REXISTRO DE IDEAS

Antes de cubrir o formulario para introducir unha nova idea innovadora na **Plataforma de Innovación Sanitaria** deberán rexistrarse como Usuarios da plataforma e, posteriormente, Iniciar sesión co seu correo electrónico e contrasinal para poder rexistrar a idea.

A continuación, vamos a indicar os pasos a seguir para este procedemento:

PASO 1: Formulario de rexistro de usuario

Acceda ao [formulario de inscrición](#) e cubra os seguintes datos obrigatorios:

- **Datos de identificación:** Nome e apelidos da persoa.
- **Información de contacto:** Correo electrónico da persoa.
- **Teléfono:** Introduza o número sen espazos nin guións.

Seguridade da conta: Deberá crear un contrasinal que conteña, como mínimo, unha letra maiúscula, unha letra minúscula, un número e un símbolo.

PASO 2: Validación do usuario

Unha vez enviado o formulario, recibirá un correo electrónico de forma inmediata. Faga clic na ligazón incluída nese verso para **validar o seu usuario**.

PASO 3: Inicio de sesión e rexistro de ideas innovadoras

Unha vez validado o usuario por vostede mesmo, xa poderá iniciar sesión na plataforma e acceder á súa **área privada**.

Dentro desta área privada, poderá cambiar os seus datos persoais, así como o contrasinal.

Así mesmo, tamén poderá **rexistrar as súas ideas innovadoras**.

Se desexa crear unha nova idea, deberá considerar incluír os seguintes campos:

- **Nome da idea e acrónimo:** asigne un nome á idea que desexa presentar, así como un acrónimo.
- **Grupo que propón a idea,** de ser o caso.
- **Data de elaboración:** indique a data na que se elaborou a idea.
- **Categoría profesional e temas de interese:** son campos opcionais pero que aportan valor á idea e que permitirán a mesma aparecer nas buscas que fagan os diferentes usuarios e entidades.
- **Breve resumo da idea.**
- **Necesidade detectada:** indique que necesidade observou e que deu orixe á idea que presenta.
- **Solución proposta:** explique de forma concisa e clara como pode resolverse a necesidade detectada.
- **Beneficios para o usuario do sistema público de saúde.**
- **Beneficios para o sistema público de saúde.**
- **Beneficios para outros axentes.**
- **Obxectivos e prioridades (estratexia SERGAS 2014, plan de prioridades sanitarias ou outros).**
- **Aspectos novidosos / Tipo de innovación.**
- **Contorno de desenvolvemento ou aplicación.**

Así mesmo, deberá seleccionar, entre as opcións dispoñibles, os servizos que solicita ao presentar a idea.

Pode seleccionar máis dun servizo.

Por último, deberá indicar os datos de contacto da persoa interlocutora da idea, concretamente o seu nome, teléfono e correo electrónico.

Para rexistrar a súa idea, non olvide facer clic en "Gardar" ao final do formulario, unha vez completara toda a información solicitada.

PASO 4: Avaliación da idea

O equipo avaliador das ideas revisará a información incluída nos campos de cada idea, para verificar que cumpre os requisitos. Este proceso tratarase de facer no menor tempo posible. Unha vez aprobada a idea, esta xa aparecerá publicada na plataforma. Pode consultar o estado da avaliación da súas ideas na súa área privada.

Que utilidades ofrece o rexistro de ideas?

- **Visibilidade:** formar parte dun catálogo de ideas de innovación sanitaria, xa que a plataforma funcionaría como un repositorio.
- **Networking:** conectar con outros axentes do ecosistema e buscar outras **ideas innovadoras**.
- **Sinerxias:** compartir capacidades tecnolóxicas e atopar socios (*partners*) para proxectos colaborativos.